



CONCELLO DE FISTERRA
Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
C.I.F.: P1503800C
Telf. 981 740 001
info@concellofisterra.com

exp. 2025/G003/000524

DECRETO

ASUNTO: DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS NO CONCELLEIRO MANUEL CANOSA TRILLO
EXPEDIENTE: 2025/G003/000524

ANTECEDENTES:

Visto o Pleno da Corporación de data 19/08/2025 polo que resultou elixido Alcalde D. Luis Manuel Insua Lago, resulta necesario, dentro do prazo dos trinta días seguintes e por razóns fundamentadas no funcionamento ordinario dos servizos, conferir delegacións especiais dentro do límite previsto no artigo 43 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Considerando, que o artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e artigo 61.3 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia,

RESOLVO:

1º) Designar a MANUEL CANOSA TRILLO, concelleiro delegado de Mobilidade, Seguridade Viaria, Policía Local, Servizos Sociais, Deporte e Sanidade desta corporación.

2º) As competencias do delegado, no ámbito das súas áreas, son:

- Representar ao concello nas súas áreas.
- Dirixir, inspeccionar e impulsar os servizos municipais nas súas áreas, no marco da coordinación xeral.

3º) A delegación non inclúe a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

4º) De conformidade co disposto no artigo 44.2 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, remitir esta resolución ao Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte da sinatura da resolución pola alcaldía. Igualmente publicarase no taboleiro de anuncios municipal.

5º) Notificar esta resolución ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos.

6º) Dar conta ao pleno da corporación na primeira sesión que se celebre.

Mandouno e asíno o Sr. Alcalde no Concello de Fisterra, a luns 15 de setembro de 2025 , do que eu, como Secretario, dou fe.

O ALCALDE,

Luís Manuel Insua Lago

ANTE MIN

O SECRETARIO-INTERVENTOR,

Marcos Vázquez Campaña